



ACTA DA MESA SECTORIAL EXTRAORDINARIA DO 23 DE NOVEMBRO DE 2018

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais:

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Manuel González Moreira (CIG)
Begoña Peiteado Garrido (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Emilio Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)
Roberto Celi Alzamora (CESM-OMEGA)
Secundino J. Barreiro Balseiros (CESM-OMEGA)
Ángel Cameselle Corbacho (CCOO)
Ana Belén Puga Bello (CCOO)
Eva María Vidal Marcote (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
José Luis Ferreiroa Sánchez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
Manuel Da Costa Moure (CSI-F)
Carmen García Rivas (SATSE)
María Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)

Lugar : Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 11:00 h. Hora de remate: 12:30 horas.

Asistentes: Os membros da mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

Punto único.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada.

A directora xeral de Recursos Humanos retoma os aspectos tratados na anterior sesión da Mesa Sectorial, o pasado 16 de novembro, co compromiso de traer un documento á reunión de hoxe. Neste senso, a proposta que agora se presenta recolle unha serie de medidas nas que se reflicten varias reivindicacións trasladadas por persoal dos propios PACs.

Quere reiterar, como manifestou na última reunión, que existen temas nos que a Administración non pode entrar, como é o caso do levantamento da suspensión dos acordos (caso do 20% pendente dos importes da nocturnidade e festividade), que requiriría dunha lei orzamentaria que o habilitase, ou o cómputo de xornada realizado polo aplicativo informático, que funciona de xeito correcto e reflicte fielmente o contido do acordo de 2008, malia que si se detectou un criterio dispar nas EOXI na carga dos permisos e ausencias regulamentarias de curta duración.



A continuación, a Administración entrega a súa proposta de mellora das condicións de traballo dos profesionais dos PACs, expoñéndose os distintos aspectos que a conforman:

- 1.- Indemnización por manutención. Considerando o horario de funcionamento dos PACs determinado na normativa, propónse aboar dúas dietas de manutención na contía do Acordo 2008-2012, nos supostos de prestación de servizos de 24 horas en domingo e/ou festivo.
- 2.- Dotación de equipos de protección individual aos profesionais dos PACs. A Administración sanitaria comprométese a dotar progresivamente equipos de protección individual (EPIs) cunha imaxe corporativa única. Así mesmo, dotará de uniformidade suficiente ao persoal dos PACs e revisará os circuítos de lavado dos uniformes.
- 3.- Indicador de derivación hospitalaria recollido nos ADX-S. Dentro das súas competencias normativamente atribuídas, as xerencias deberán negociar e acordar cos seus respectivos servizos os indicadores de calidade, actividade e resultados do ADX de servizo. A estes efectos eliminarase o actual indicador de derivación hospitalaria, que será substituído por outro/s indicador/es consensuados cos profesionais.
- 4.- Cómputo de xornada. No cálculo da xornada complementaria, que se retribúe como contraprestación pola realización efectiva de horas por riba da xornada ordinaria anual, propónse que non teñan incidencia no cómputo do inicio da liquidación os permisos regulamentarios menores ou iguais a tres días, os períodos de incapacidade temporal da mesma duración e os permisos que non abrangan a totalidade da xornada.
- 5.- Implantación de gardas localizadas. Como medida de mellora e ante as necesidades constatadas, propónse establecer en cada xerencia unha garda localizada para garantir a cobertura de situacións imprevistas de ausencias de persoal médico nas fins de semana e festivos. Abranguería con carácter obrigatorio a todos os médicos/as vinculados aos PACs de cada EOXI, coa retribución establecida na correspondente orde anual de confección de nóminas: no ano 2018, dende a activación da garda percibiríanse os importes establecidos para a garda de presenza física no anexo XIV -atención continuada en urxencias extrahospitalarias- da vixente Orde do 5 de setembro de 2018. Propónse tamén que poida participar de xeito voluntario o persoal médico das unidades de atención primaria que vén realizando atención continuada nos respectivos PACs. De aceptarse a proposta, poríase en marcha na EOXI de Vigo como experiencia piloto en decembro deste ano.



6.- Como epígrafe específica, propónse finalmente que a Administración negocie na Mesa Sectorial o establecemento de nomeamentos temporais (de continuidade) ligados á cobertura de ausencias de persoal e outras necesidades na atención primaria, que garanta a continuidade asistencial e permita dotar de maior estabilidade laboral ao persoal médico de familia e pediatra de atención primaria.

Logo da súa exposición, a Administración considera que se trata dunha boa proposta na busca dun acordo para desbloquear o conflito existente, abríndose unha rolda de intervencións das organizacións sindicais. De xeito resumido:

- CIG considera positivo o documento e entende que, de presentarse antes, poderían terse evitado conflitos. Como primeiras valoracións, amósase de acordo coa eliminación do indicador de derivación hospitalaria do ADX-S e co aboamento das dúas dietas, pero debe irse máis alá e preservarse a indemnidade retributiva, atinxindo o 20% suspendido do complemento de nocturnidade e festividade. É discutible que se limite o cómputo dos permisos a tres días (e non a cinco), debendo respectarse a duración configurada na lexislación de emprego público. Está de acordo co sistema de gardas localizadas, pero con carácter voluntario para todo o persoal e non limitadas a unha por xerencia, pois hai situacións distintas en cada EOXI. Tamén se amosa de acordo coa proposta de negociar un vínculo estable.

- Por CESM-O'MEGA, cada sindicato da coalición realiza as súas respectivas valoracións:

CESM considera que o documento supón melloras en varios aspectos: por fin se fala de negociar os ADX-S cos servizos e tamén se aprecian avances no cómputo de xornada, non obstante, a proposta debe estenderse a todos os permisos legais. En canto ás gardas localizadas, cabe contemplar a realización de máis dunha por xerencia.

O'MEGA valora positivos temas como o dos EPIs e a negociación dos indicadores do ADX-S (e a supresión do de derivación hospitalaria), que debe realizarse o ano anterior ao da aplicación dos obxectivos. Sostén que se incremente o importe das dietas e discrepa coas condicións das gardas localizadas: deben depender do número de efectivos de cada EOXI e ter carácter voluntario, e tamén cómpre definir a activación, para garantir que a localización obedeza exclusivamente a circunstancias imprevistas.



- CCOO lembra que hai un conflito aberto e que o comité de folga descoñece este documento. Solicita que se recolla o 20% do complemento de nocturnidade e festividade ata agora suspendido e que se precise que a negociación dos indicadores do ADX-S terá lugar no ano anterior á súa aplicación. Respecto ao cómputo da xornada, debe abranguer todos os permisos existentes e ser eliminado do acordo o concepto retributivo *xornada complementaria*. En canto ás localizacións, deben ser voluntarias (igual que para o persoal das unidades) e adaptarse o seu número ás particularidades de cada ámbito territorial.
- UGT avoga por levantar a suspensión do 20% de xeito paulatino, fraccionando a súa percepción nos vindeiros anos. Amósase de acordo coa supresión do ítem da derivación hospitalaria. No cómputo da xornada, cómpre revisar tanto os tipos de ausencias que atrasan a entrada na xornada complementaria como a propia definición desta, pois é un concepto que xera dúbidas. Considera importante implantar o sistema de gardas localizadas proposto, nas mesmas contías que o resto de profesionais do sistema consonte as ordes de confección de nóminas; e pide que se estendan tamén ao persoal de enfermaría. Analizarán o documento para realizar alegacións.
- CSIF valora positivamente o documento e lamenta que non chegase antes. Como liñas de mellora, na manutención debe recollese o almorzo e incrementarse as contías; postula que se garantan dous EPIs por profesional e que se negocien os indicadores do ADX-S cunha representación do persoal dos PACs, non cos xefes de servizo das unidades. No cómputo de xornada deben incluírse todos os permisos do Acordo de Concertación Social. O sistema de gardas localizadas debe incluír un estudo previo de voluntariedade, e de non abundar co persoal voluntario, subsidiariamente aplicarse con carácter forzoso; deberían recollese os días da semana das localizacións. Pide que os nomeamentos de continuidade se estendan a un ano, con posibilidade de vacacións, permisos, etc., e que dentro do apartado de *Outros acordos* se inclúa tamén a dotación de equipos dobres de persoal médico de familia e enfermeiro.
- A SATSE alégralle recibir unha proposta despois de tantos meses tratando este asunto. Como posibles melloras propón incrementar os importes da manutención, eliminar o termo *xornada complementaria*, por dar lugar a equívocos; incrementar a duración dos permisos e ausencias computables a máis de tres días e aclarar algún aspecto de redacción nese punto. Considera que un sistema de gardas localizadas voluntarias para todos os profesionais aumentaría a dispoñibilidade. Finalmente, pide que se equiparen equipos, co mesmo número de efectivos de persoal médico e de enfermaría.



- A Administración recibe con agrado as valoracións positivas expresadas por varias organizacións, mais subliña que hai aspectos nos que non ten marxe de actuación: nin é posible acadar agora incrementos económicos nin ten competencia para retomar aspectos retributivos suspendidos polas leis de orzamentos. En calquera caso, xa existe unha recuperación de dereitos progresiva e, ademais, a proposta concede máis do que está recollido no acordo.

En canto á dotación de equipos, cabe comezar pola uniformidade para logo ir avanzando progresivamente noutros aspectos, e outro tanto respecto ao ADX-S: queda fóra a derivación hospitalaria, deixando aberta a negociación doutros indicadores coa representación dos profesionais.

Respecto ao cómputo de xornada, pode entender que se revise a duración de tres días prevista, na proposta, pero non que se estenda o cómputo a todos os permisos. Está de acordo con que o termo *xornada complementaria* non resulta o máis afortunado, mais non hai disfuncións no aplicativo, senón criterios de aplicación distintos entre xerencias.

Non considera idóneo un novo sistema de voluntariedade para as gardas localizadas, pero pode matizarse algún aspecto, como a posibilidade de establecer máis dunha localización en determinadas EOXIs (en función de que abrangan máis ou menos distritos, por exemplo).

A Administración non aprecia a necesidade de establecer o mesmo número de efectivos de medicina familiar e enfermaría en todos os PACs e finalmente, no que atinxe aos nomeamentos de continuidade, aínda que é un tema complexo sería desexable chegar a un compromiso da mesa como os acadados noutros servizos de saúde.

Tras unha nova rolda de intervencións, a directora xeral de Recursos Humanos empra a as organizacións sindicais para que acheguen as súas propostas e alegacións ao documento, con vistas a poder acadar un acordo a vindeira semana. Neste senso, acórdase celebrar a seguinte sesión da Mesa Sectorial o venres 30 de novembro, para tratar este mesmo tema e o decreto de oferta pública de emprego para o ano 2019.

Logo do cal, péchase a reunión ás 12:30 horas.